



**XUNTA
DE GALICIA**

Diario Oficial de Galicia

martes, 6 de agosto de 1996

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Número do Dog:

153

Páxina do Dog:

7.491

Data da Disposición:

**26 de xullo de
1996**

Sección:

**I. DISPOSICIÓNS
XERAIS**

Organismo:

**CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

Rango:

Decreto

Título:

**Decreto
320/1996, do 26
de xullo, de
ordenación da
educación de
alumnos e
alumnas con
necesidades
educativas
especiais.**

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), no seu título preliminar, artigo 3, apartado 5, establece a adecuación das ensinanzas de réxime xeral ás características dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Con isto contribúese á realización da política de integración establecida no artigo 49 da Constitución española de 1978, e dáselles unha nova dimensión ós principios establecidos pola Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e recollidos no Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial, ó atende-las necesidades educativas dos alumnos e das alumnas no marco dunha ensinanza comprensiva e aberta á diversidade.

Partindo deste principio de comprensividade, esta atención diversificada ós intereses, capacidades e motivacións do alumnado pode ser efectuada para a maioría dos alumnos no ámbito habitual das actuacións pedagóxicas curriculares e organizativas que configuran o proceder dos equipos educativos nos centros escolares. Sen embargo, en ocasións, as necesidades educativas dalgúns alumnos requiren para ser satisfeitas dun conxunto de actuacións e recursos que difiren dos habituais. Isto é debido

a que tódalas necesidades educativas especiais non son da mesma natureza nin teñen unha mesma orixe nin, lxicamente, requiren para ser atendidas actuacións e recursos similares. Por todo isto, cómpre distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se

manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas outras que teñen carácter de estabilidade ou permanencia ó longo da escolarización.

A orixe destas necesidades educativas especiais pode atribuírse a diversas causas relacionadas, fundamentalmente, co contexto familiar, social ou cultural, coa historia educativa e escolar dos alumnos e alumnas ou con condicións persoais asociadas sexa a discapacidades psíquicas, motoras ou sensoriais, sexa a condicións de sobredotación en canto ás capacidades intelectuais.

De acordo co modelo que se deriva da LOXSE, unha educación que dea resposta diferenciada ás distintas necesidades do alumnado ten que poder atender igualmente ós alumnos con necesidades educativas especiais, estean estas asociadas a condicións persoais de discapacidade ou a condicións persoais de sobredotación, co obxecto de logralo máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades. Esta optimación do proceso educativo do alumnado con necesidades educativas especiais está vinculada á normalización e ó desenvolvemento de centros escolares de calidade, abertos e permeables ás necesidades de tódolos alumnos e alumnas, pois a integración escolar é unha das condicións básicas, aínda que non suficiente e única, para acadala plena incorporación das persoas con necesidades educativas especiais a unha escola aberta e pluralista, arraigada no seu contorno e rexida polos principios de normalización e integración escolar. Só no caso no que os alumnos e alumnas manifesten necesidades educativas especiais asociadas a condicións de discapacidade permanente que non puideran ser satisfeitas axeitadamente nos centros ordinarios, será aconsellable a súa escolarización en centros específicos, previstos así mesmo na LOXSE e que supoñen, en determinados casos, a oferta educativa máis apropiada.

Polo tanto, en resposta á nova configuración do sistema educativo e á disposición adicional segunda da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, cómpre establecer unha normativa que contemple a escolarización e a resposta educativa para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais dentro do marco normativo e de principios que establece a lei.

O presente decreto regula para a Comunidade Autónoma de Galicia os aspectos relativos á ordenación, planificación de recursos e organización para a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes e asociadas á súa historia educativa e escolar, a condicións persoais de sobredotación ou a condicións igualmente persoais de discapacidade

sensorial, motora ou psíquica. Todo isto de conformidade cos principios establecidos e en cumprimento do mandato constitucional aludido e do disposto no título VI, sección 3ª, así como na disposición adicional 2ª e na disposición derradeira 7ª da Lei de integración social dos minusválidos e a teor do disposto nos artigos 36 e 37 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e da Lei orgánica 9/1995.

Por todo o anterior, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do dictame do Consello Escolar de Galicia, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do día vinteseis de xullo de mil novecientos noventa e seis,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto do presente decreto é a regulamentación das condicións para a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, asociadas á súa historia persoal e escolar ou debidas tanto a condicións de sobredotación como a calquera discapacidade psíquica, motora ou sensorial, ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, determinando os criterios para a súa escolarización, as medidas de carácter organizativo, pedagóxico e curricular, así como os recursos que posibiliten o máximo desenvolvemento das potencialidades destes alumnos e alumnas.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O presente decreto será de aplicación nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos e dependentes da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria.

Capítulo II Escolarización Sección 1ª

Medidas para a escolarización

Artigo 3º.-Condicións.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá as medidas e recursos necesarios para atender-lo alumnado con necesidades educativas especiais durante o período de escolaridade preobrigatoria e obrigatoria e facilitaralle a escolaridade postobrigatoria nos niveis non universitarios.

2. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais estará suxeita a un proceso de seguimento continuado que deberá revisarse de xeito periódico, nas condicións que se determine. En calquera caso, garantirase, mediante as oportunas avaliacións psicopedagóxicas, o carácter revi-

sable e reversible das condicións de escolarización adoptadas.

3. Os alumnos con necesidades educativas especiais serán escolarizados, como norma xeral, nos centros ordinarios nas condicións establecidas no Decreto 87/1995, do 10 de marzo, polo que se establece a admisión de alumnos nos centros públicos, agás que o informe dos equipos psicopedagóxicos de apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aconselle outra modalidade de escolarización máis axeitada. En todo caso, daráselles audiencia ós pais e nais ou titores legais ou ordinarios do interesado, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores.

4. O alumnado con necesidades educativas especiais será escolarizado nun centro de educación especial cando se considere no informe correspondente que esa modalidade de escolarización é a máis axeitada para posibilita-lo desenvolvemento das potencialidades persoais do devandito alumnado cara ó logro dunha maior integración. En todo caso, tal medida revisarase cada curso para facilitarlle o acceso a fórmulas de maior integración en canto sexa posible.

No caso de alumnos e alumnas en período de escolaridade preobrigatoria, a modalidade de escolarización poderá revisarse nun período máis curto, por instancia dos seus pais e nais ou titores legais ou ordinarios, así como das persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores.

5. As propostas para a escolarización dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, así como a identificación dos que precisen apoios e medios complementarios ó longo do proceso educativo, efectuarase por parte dos servizos da Administración educativa. Estas propostas estarán fundamentadas na avaliación psicopedagóxica efectuada por parte dos equipos psicopedagóxicos de apoio na que se considerarán tanto as características persoais dos alumnos e alumnas como as do seu contorno familiar e escolar.

6. Cando un alumno con necesidades educativas especiais se traslade a outro centro para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitiralle ó de destino, e por pedimento deste, o libro de escolaridade do alumno e o informe individualizado de avaliación, no que se incluírán tódalas avaliacións psicopedagóxicas realizadas para o seguimento do seu proceso educativo, así como o documento de adaptación curricular que formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

7. Co obxecto de favorecer-la adecuada atención educativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá determina-los centros educativos onde se escolarizarán preferentemente determinados alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, cando a resposta ás súas necesidades requira dotacións e equipamentos singu-

lares ou unha especialización profesional de difícil xeneralización. En todo caso, tenderase a garanti-la escolarización dos alumnos e alumnas na súa zona educativa.

Artigo 4º.-Duración.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar, se é o caso, con carácter excepcional, modificacións na duración da escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, logo do informe do equipo psicopedagóxico, coa

conformidade dos pais ou titores legais ou ordinarios, así como das persoas ou institucións que ostenten a garda dos menores e logo do informe da inspección educativa.

Artigo 5º.-Promoción de experiencias.

1. A Administración educativa promoverá experiencias de escolarización combinada en centros ordinarios e en centros de educación especial, cando estas se consideren axeitadas ás necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá experiencias de escolarización e de rehabilitación nos centros hospitalarios para iniciar ou continua-lo proceso educativo dos alumnos internados neles nas etapas correspondentes á educación infantil e á ensinanza básica.

Sección 2ª

Escolarización en centros ordinarios

Artigo 6º

1. Os centros nos que se impartan as ensinanzas correspondentes á educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria escolarizarán o alumnado con necesidades educativas especiais cando no informe do equipo psicopedagóxico de apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se aconselle tal modalidade de escolarización como a máis axeitada, mantendo en todo caso unha distribución equilibrada destes alumnos, considerando o seu número e as súas especiais circunstancias, de xeito que se poida desenvolver eficazmente o obxectivo de integración, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro.

2. O proceso educativo dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais tenderá, en calquera caso e circunstancia, ó desenvolvemento das capacidades establecidas nos obxectivos xerais das respectivas etapas educativas.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá o establecemento de convenios con outros órganos da Administración, tanto estatal como autonómica ou local, e con institucións sen ánimo de lucro, para a escolarización e a atención educativa ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Artigo 7º.-A escolarización en educación infantil.

1. A escolarización dos nenos e nenas menores de 6 anos con necesidades educativas especiais aterase ó establecido no Decreto 87/1995, do 10 de marzo, polo que se regula a admisión dos alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria, e levarase a cabo nos centros ordinarios que contén cos recursos adecuados para fomenta-lo seu desenvolvemento motor, intelectual e social de acordo co informe derivado da avaliación psicopedagóxica do equipo psicopedagóxico correspondente. Con carácter excepcional, no caso de que o devandito informe así o aconselle, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá decidi-la escolarización nun centro de educación especial.

2. Cando a atención educativa a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a condicións persoais de discapacidade motora, psíquica ou sensorial necesite dun equipamento ou dunha especialización profesional de difícil xeneralización, a Administración educativa poderá contempla-la súa escolarización preferente nun mesmo centro dotado de estes recursos.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autoriza-la prolongación da escolarización destes nenos e nenas durante un ano máis, sen prexuízo do establecido no artigo 5 da LOXSE sobre duración da escolarización obrigatoria.

Artigo 8º.-A escolarización no ensino básico.

1. A escolarización no ensino básico dos alumnos con necesidades educativas especiais permanentes aterase ó establecido no Decreto 87/1995, do 10 de marzo, polo que se regula a admisión dos alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria. En calquera caso, a Administración educativa dotará cos recursos adecuados os centros nos que se escolaricen estes alumnos e alumnas.

2. O alumnado con necesidades educativas especiais permanecerá na ensinanza básica os cursos establecidos pola lei con carácter xeral e terá como referente na educación primaria as capacidades establecidas para esta etapa educativa no Decreto 245/1992, do 30 de xullo; na educación secundaria obrigatoria terá como referente as capacidades establecidas para esta etapa educativa no Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, en ámbalas etapas coas salvidades que se recollen no presente decreto.

3. Ó remate da educación primaria, o equipo psicopedagóxico correspondente realizará un informe sobre o proceso educativo destes alumnos e alumnas ó longo desta etapa. O dito informe contemplará a avaliación do apoio adicional recibido tanto a nivel curricular como de equipamento especializado, se o houbese, e xuntarase á documentación que se lle remita ó centro no que o alumno vaia continua-la súa escolarización.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levará a cabo as accións necesarias para garantir que os alumnos con necesidades educativas especiais permanentes que estiveran escolarizados en centros ordinarios de educación primaria poidan continua-los seus estudos na educación secundaria obrigatoria na mesma modalidade de escolarización. Con este fin, a Administración educativa promoverá en determinados centros de educación secundaria da zona educativa a dotación dun equipamento ou dunha especialización profesional de maior especificidade que lles permita a atención preferente a alumnos con necesidades educativas especiais que necesiten tales recursos.

5. Cando alumnos e alumnas con discapacidade psíquica deban realizar activades de aprendizaxe nunha unidade específica co obxecto de logralo máximo desenvolvemento educativo posible, os centros asegurarán a participación destes alumnos no maior número posible de actividades que se organicen para garanti-lo principio fundamental de «aprender xuntos» que rexe toda escolarización integradora.

6. Xunto co asesoramento dos equipos psicopedagóxicos de apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os departamentos de orientación dos centros de educación secundaria e, de se-lo caso, de educación primaria, prestaranlle-lo seu apoio ós distintos departamentos didácticos e sobre todo ó profesorado que atenda directamente ós alumnos con necesidades educativas especiais, con miras a logralo obxectivo de integración, facendo fincapé na identificación das necesidades educativas destes alumnos e na adopción de estratexias pedagóxicas que faciliten o seu proceso educativo.

Artigo 9º.-A escolarización no bacharelato e na formación profesional regulada.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitarllela a escolarización postobrigatoria nos niveis non universitarios ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que obtiveran o título de graduado en educación secundaria, establecendo os medios necesarios para que estes alumnos poidan prosegui-los seus estudos coas adaptacións do currículo pertinentes, segundo o establecido no capítulo III e na disposición adicional única da Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións curriculares nas ensinanzas de réxime xeral.

2. Xunto co asesoramento dos equipos psicopedagóxicos de apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os departamentos de orientación destes centros asesorarán a comisión de coordinación pedagóxica e os departamentos didácticos co obxecto de logralo obxectivo de integración e de que estes alumnos poidan acadar-los

obxectivos establecidos nos currículos correspondentes.

Artigo 10º.-A escolarización nos programas de garantía social.

1. Co fin de facilitarlle-lo acceso ó mundo laboral e a transición á vida adulta, a Administración educativa posibilitará que aqueles alumnos con necesidades educativas especiais que non obtiveran o título de graduado en educación secundaria poidan cursar, a partir dos 16 anos, os programas de garantía social que se establezan.

2. Os alumnos con necesidades educativas especiais poderán cursar-los programas de garantía social, logo dos informes favorables do departamento de orientación, do equipo psicopedagóxico de apoio, de se-lo caso, e do servizo de inspección educativa e logo da autorización dos pais ou titores legais ou ordinarios, así como das persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores.

3. A Administración educativa poderá establecer convenios con outros órganos da administración, tanto autonómica ou local como estatal, así como con institucións sen ánimo de lucro, para a realización de programas de garantía social para alumnos con necesidades educativas especiais.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá unha oferta suficiente de programas de garantía social e regulamentará as condicións nas que estes se deben impartir para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a condicións persoais de discapacidade.

Artigo 11º.-O acceso a estudos universitarios.

1. Os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais deberán supera-la probas de acceso á universidade establecidas con carácter xeral para todo o alumnado. Sen prexuízo disto, as universidades públicas realizarán as adaptacións necesarias para que estes alumnos poidan realiza-las devanditas probas.

2. Co fin de garantirlle ó alumnado con necesidades educativas especiais o acceso ás universidades públicas, estas realizarán, no marco da súa propia autonomía, todas aquelas adaptacións necesarias para facilita-lo acceso ás súas instalacións e ensinanzas, en cumprimento do principio de igualdade de oportunidades.

3. As universidades públicas reservarán para estes alumnos ata un 3 por cento das prazas en cada un dos centros docentes universitarios de acordo co establecido no Real decreto 1005/1991, do 14 de xuño, polo que se regulan os procedementos para o ingreso nos centros universitarios, modificado polo Real decreto 1060/1992, do 4 de setembro.

Artigo 12º.-A escolarización nos programas para a educación e promoción de adultos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria incluírá as persoas adultas con necesidades educativas especiais nos programas de acción establecidos para a educación e promoción de adultos, coas oportunas aportacións das organizacións que os representen, así como as dos seus pais ou titores legais.

Sección 3ª

A escolarización en centros de educación especial

Artigo 13º

1. Os alumnos con necesidades educativas especiais permanentes poderán ser escolarizados en centros de educación especial cando as súas condicións persoais de discapacidade requiran, segundo a avaliación psicopedagóxica e o dictame correspondente dos equipos psicopedagóxicos do sector, adaptacións curriculares en grao extremo respecto do currículo que lles corresponda pola súa idade e cando se considere que con esta modalidade de escolarización se posibilita o desenvolvemento das capacidades persoais destes alumnos cara ó logro dunha maior integración.

2. Excepcionalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá propoñer, logo do informe do equipo psicopedagóxico de apoio, a escolarización de nenos e nenas do segundo ciclo de educación infantil nun centro de educación especial.

3. Para esta modalidade de escolarización, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cando non existan na zona educativa centros de educación especial ou cando as circunstancias así o aconsellen, poderá habilitar aulas convenientemente dotadas en centros ordinarios para a educación dos alumnos citados no apartado anterior.

4. Os alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a un determinado tipo de discapacidade poderán ser escolarizados, oídos os seus pais e nais ou titores legais ou ordinarios, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, nos centros existentes de educación especial específica.

Artigo 14º.-Organización das ensinanzas.

1. Con carácter xeral, as ensinanzas nos centros de educación especial contemplarán unha educación básica obrigatoria, conformada por unha formación básica e unha formación profesional complementaria que lles permita ós alumnos integrarse na vida activa e a súa

transición á vida adulta.

2. A duración da escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais na educación básica obrigatoria que se imparta nos centros de educación especial aterase ás idades establecidas pola lei con carácter xeral para o ensino básico.

3. A formación básica terá unha duración mínima de dez anos e tenderá ó desenvolvemento das capacidades establecidas nos obxectivos xerais dos currículos da educación infantil e da educación primaria, podendo dar cabida ó desenvolvemento de capacidades doutras etapas, de acordo coas necesidades dos alumnos e alumnas.

4. A formación profesional complementaria terá unha duración mínima de dous anos, o seu referente serán aquelas capacidades establecidas nos obxectivos educativos que tendan á adquisición e ó desenvolvemento de aprendizaxes relacionadas coa inserción laboral e coa transición á vida adulta.

5. En calquera caso, 20 anos será o límite máximo de idade para poder permanecer escolarizado na educación básica obrigatoria nun centro de educación especial.

Artigo 15º.-Coordinación con outros servizos educativos.

1. A Administración educativa propiciará a vinculación e a colaboración dos centros de educación especial co conxunto de centros e servizos educativos do seu sector, co obxecto de mobiliza-los recursos educativos tanto a nivel de experiencia como de dispositivos e materiais específicos que non existan nos centros ordinarios.

2. Os centros de educación especial constituiranse, progresivamente, en centros de recursos educativos para os centros docentes da zona.

3. Os centros de educación especial, en función das súas posibilidades de recursos, e nas condicións que se determine, atenderán con carácter ambulatorio ós alumnos e alumnas de idades previas á escolarización ou escolarizados en centros de réxime ordinario.

Capítulo III

Atención específica a factores que favorecen a calidade da ensinanza

Artigo 16º

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá a calidade do ensino mediante a adopción de medidas oportunas de cualificación e formación do profesorado para a elaboración dos proxectos curriculares de centro e das programacións de aula axeitadas ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais . Favorecerase, igualmente, a promoción da innovación e investigación educativa neste eido e a dotación dos recursos necesarios.

2. Os plans de formación anuais incluírán entre as súas prioridades as relacionadas coa actualización e formación do profesorado que intervéñen na atención educativa ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Capítulo IV

Medidas de carácter organizativo e curricular

Artigo 17º.-O proxecto curricular.

1. Os centros educativos que atendan a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais terán en conta prioritariamente no seu proxecto curricular aqueles obxectivos que tendan ó desenvolvemento de actitudes de solidariedade e respecto ante a diversidade.

2. Os centros docentes, en aplicación do principio de atención á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, incluírán no seu proxecto curricular os criterios e os procedementos de carácter organizativo e pedagóxico previstos para a atención dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais escolarizados neles.

3. En todo caso, o agrupamento do alumnado realizarase de acordo con criterios flexibles para erradicar calquera actitude discriminatoria. Igualmente, a intervención educativa, cando cumpra, de profesionais específicos deberá realizar agrupamentos a tempo parcial e estará coordinada coa programación ordinaria do profesor de aula.

4. Os profesores e profesoras que atendan a alumnos con necesidades educativas especiais

realizarán, co asesoramento e apoio dos equipos psicopedagóxicos e, de se-lo caso, dos departamentos de orientación, as adaptacións curriculares pertinentes para axudarlles a estes alumnos e alumnas a progresar no logro dos obxectivos educativos.

Artigo 18º.-As adaptacións do currículo.

As necesidades educativas destes alumnos poden requirir a adopción dunha serie de actuacións de carácter organizativo, pedagóxico e curricular que difiran das habituais. En consecuencia, poderán levarse a cabo modificacións en todos ou nalgún elemento do currículo, de acordo coa natureza das necesidades dos alumnos e das alumnas e segundo o procedemento establecido na orde do 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Capítulo V

Recursos específicos

Artigo 19º

1. A atención educativa dos alumnos a alumnas con necesidades educativas especiais levarase a cabo mediante a coordinación interprofesional establecida na correspondente adaptación curricular.

2. Nesta atención educativa participarán o profesor titor e o profesorado que interveña directamente co alumno, que poderán contar co asesoramento e apoio do departamento de orientación, dos mestres de apoio especialistas en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, dos profesionais dos equipos psicopedagóxicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou de calquera outro profesional que poida participar coor

dinadamente cos anteriores na atención educativa ós devanditos alumnos.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propiciará a desaparición progresiva daquelas barreiras arquitectónicas que lles impidan a estes alumnos o acceso ó centro, así como os desprazamentos dentro del e a dotación progresiva do equipamento necesario para desenvolver-lo seu currículo de referencia. Igualmente, velará para que se faciliten os medios necesarios para o desprazamento ata o centro educativo.

4. A Administración educativa proporcionaralles progresivamente ós centros que teñan escolarizados alumnos con necesidades educativas especiais os recursos específicos necesarios para facilita-la súa participación no proceso educativo ordinario.

Capítulo VI

Participación dos pais ou titores legais

Artigo 20º

1. Os pais ou, se é o caso, os titores legais ou ordinarios dos alumnos con necesidades educativas especiais, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda ou protección dos menores serán informados de xeito continuado das decisións que afecten o proceso educativo dos seus tutelados.

2. Os pais ou, se é o caso, os titores legais ou ordinarios dos alumnos con necesidades educativas especiais, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores poderán solicita-la escolarización dos seus fillos nos centros que contén cos recursos adecuados ás necesidades educativas destes, no marco dos criterios establecidos no Decreto 87/1995, do 10 de marzo, e do sinalado no presente decreto.

3. Desde a Administración educativa favorecerase a creación de plans de colaboración e apoio das familias tanto na identificación das necesidades dos seus fillos como nas accións de carácter preventivo ou compensador no ámbito familiar.

Disposición adicional primeira

Flexibilización do período de escolarización

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación.

Disposición adicional segunda

Cadro de profesorado dos centros públicos de educación especial

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o cadro de profesorado e outros profesionais así como a proporción de pro

fesionais/alumnos nos centros públicos de educación especial.

Disposición adicional terceira

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fixará os límites de escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais nos centros docentes sostidos con fondos públicos e dependentes dela.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango en todos aqueles aspectos que se opoñan ó establecido no presente decreto.

Disposición derradeira

Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolve-lo disposto no presente decreto, así como para regulamentar todas aquelas cuestións que se deriven da súa aplicación.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

0355

